



Picasso: "As señoritas de Aviñón" (1907). Á dereita, cartel do documental "La Casita Blanca" (2002), de Carles Balagué.

Di o aforismo machista que a prostitución é o oficio máis vello do mundo. Referíndose ás mulleres, pero ocultando que daquela polo primeiro que pagarían os homes sería por obter sexo. De feito, nas sociedades da nosa contorna sempre houbo división verbal da consideración moral do sexo remunerado: en xeral, desprezo público máis uso ás agachadas. Porén, na Idade Media frecuentar os prostíbulos era case obrigada para evitar murmuracións sobre comportamentos non aceptados, para a iniciación dos mozos e para canalizar os excesos masculinos e así preservar a virtude das mulleres.

Coa aparición da sífilis despois da caída de Constantinopla e coa represión moral que impuxeron a reforma luterana, dunha banda, e o concilio de Trento, doutra, todo ficou alterado. Non foi ata o século XIX, coa aparición da burguesía como clase hexemónica, que os prostíbulos colleron de novo un protagonismo entre os establecementos de categoría. Xa que logo en Francia, que mantivo con máis forza que nunca o paradigma de terra de promisión sexual.

Especialmente París foi foco de atracción de reis, aristócratas e burgueses que procuraban novas sensacións lonxe das súas te-

rra de orixe. Hai uns meses, a galería de arte parisiña especializada en fotografía Au Bonheur du Jour, que dirixe Nicole Canet, presentou unha espléndida exposición sobre a idade de ouro das *maisons closes*, o século que foi desde 1860 ata 1946, cando a lei Marthe Ricard as pechou coa xustificación de eliminar a explo-

tación nos lupanares de baixa condición. O comercio restaurouse decontado mais os abolicionistas e benpensantes ficaron satisfeitos.

Bordeis célebres foron o Chabanais, coa súa entrada decorada coma unha gruta e con salóns e habitacións temáticos (á rusa, á xaponesa), o Fleur Blanche, o

L'Étoile de Kléber, o Sphinx, o One Two Two ou o Hotel Marigny (para homosexuais), lugares tan coñecidos nas guías dos anos 20 do pasado século coma o Louvre ou a estación de Saint-Lazare; espazos, pois, nos cales corría o champagne nas copas e nas bañeiras.

Foron moitos o artistas

daqueles anos que incorporaron o ambiente dos prostíbulos á súa produción. Se recentemente en Barcelona houbo oportunidade de comparar as olladas de Picasso e de Degas sobre eses ambientes, hai uns anos o museo de Tübingen xa presentara algo semellante co engadido de Cézanne. De feito, a eclo-

sión cubista do malagueño tivo lugar co cadro *As señoritas de Aviñón* (1907), as pupilas dun prostíbulo barcelonés na rúa de Aviñón.

Entre nós, a recuperación da historia neste terreo está a facerse. Cronistas como Lluís Permanyer ou Paco Villar lembraron a existencia de, entre outros, dos coñecidos burdeis barceloneses, o Madame Petit e La Criolla, símbolos da liberalidade dos anos 30. Porén, rematada a Guerra Civil tamén remataron as alegrías. A finais dos 50, o Réxime decretou o peche das casas

de tolerancia. Porén, en Barcelona existía un xénero de establecementos alternativos para as relacións entre particulares, xa que logo adúlteras: os *meublés*. Como nos hoteis solicitaban o libro de familia, estes locais podían facer por non ver.

Os *meublés* tiñan unha clientela selecta e os seus servizos estaban ao seu nivel. Daquela os máis coñecidos eran o Pedralbes e mais La Casita Blanca. Soamente este sobreviviu –coa chegada da democracia– á ameaza de peche nos anos 70. Ambos os dous foran asaltados por senllos activistas anarquistas. O primeiro por Quico Sabaté, metralleta Thompson na man, e muiú á clientela; o segundo por Josep Lluís Facerias. Un dos clientes do Pedralbes, que estaba cunha sobriña, resistiuse e foi morto polo anarquista.

La Casita Blanca pechou hai unhas semanas, en cumprimento da orde de expropiación ditada polo concello para ampliar a Riera de Vallcarca (cun pago de sete millóns de euros). Mobles e espellos foron doados aos traballadores e decontado apareceron á venda nos Encants. Lembranza daqueles anos nos cales era un espazo de liberdade é o libro e máis o documental de Carles Balagué (2002). So nos queda a nostalgia por este local case centenário.

Chez les demoiselles

Das casas do sexo oculto

JOAQUIM VENTURA

Por razóns que calquera coñecedor da literatura galega sabe, ata tempos recentes nela non apareceu o tema da prostitución. Excepción feita, cómpre salientalo, de *A esmorga* de Eduardo Blanco Amor e dalgunha referencia inxenua e imaxinaria de Álvaro Cunqueiro.

Porén, Ramón Otero Pedrayo foi cliente relativamente habitual nos seus anos madrileños (contouno nunhas memorias de mocidade inéditas; a filla do seu médico ourensán confesoulle telefonicamente en 1996 que contraíra unha doenza venérea que o deixou estéril). Alén, Afonso R. Castelao, no seu dietario de París, amosaba un medo súbito a estes locais ou semellantes e en paralelo unha profunda fe relixiosa.

Mais, coma as meigas, antes da Guerra Civil (e despois, con certeza, pero máis discretas), deste tipo de casas de pracer, en Galicia habelas habíanas. Contábame Manuel María en 1992 de cando Vilagarcía de

Negar a evidencia

Arousa era punto de descanso da Royal Navy e chegara un barco de guerra británico. Daquela, o encargado do prostíbulo local chamou á central, na Coruña, pedindo reforzos coa seguinte recomendación: "E

mándamas tetonas, que son inglesas".

Alén das zonas tradicionais de comercio carnal de rúa das diversas cidades galegas, en Santiago de Compostela chegou a haber, entre finais do século XIX e a Guerra Civil, ata trece casas, entre as cales salientaban pola súa sona Casa Lola, na rúa do Piñón, e Casa da Coronela, na rúa Oliveira.

Coa aparición da novela negra, con *Crime en Compostela* (1984) de Carlos R. Reigosa, evidenciouse o que xa anunciara Blanco Amor e que a literatura galega anterior ignorara á mantenta (malia a condición de clientes dalgun dos autores): que en Galicia, como no mundo adiante, había prostíbulos.